

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 3/2021, DO 5 DE MARZO, POLA QUE SE REGULA O DESENVOLVEMENTO DO PECHE DOS CENTROS, INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS PERÍODOS DO 29 AO 31 DE MARZO E DO 4 AO 18 DE AGOSTO DE 2021.

A instrución da Xerencia 4/2020, do 15 de decembro, sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2021 do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo establece no punto 1 do artigo 7: “(...) procederase ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo nos seguintes períodos do ano 2021:

- a) Entre o 29 e o 31 de marzo, ambos os dous incluídos, que terán a consideración dos 3 días de vacacións de Semana Santa establecidos no artigo 26 do II Convenio colectivo do PAS laboral.
- b) Entre o 4 e o 18 de agosto, ambos os dous incluídos, que terán a consideración de vacacións anuais para todos os efectos.”

O punto 2 do devandita artigo prevé: “Nestes períodos, a Xerencia poderá acordar cos órganos de representación do PAS, outro horario de apertura, a alteración dos períodos ou a continuidade dalgúns servizos e actividades.”

En virtude do exposto, esta Xerencia resolve ditar as seguintes.

INSTRUCCIÓNS

1. Obxecto.

Esta instrución ten por finalidade regular o efectivo desenvolvemento do peche de centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo nos seguintes períodos:

- a) Do 29 ao 31 de marzo de 2021, ambos incluídos.
- b) Do 4 ao 18 de agosto de 2021, ambos incluídos.

Non obstante, dadas as circunstancias derivadas da situación provocada pola Covid-19, a instrución poderá ser obxecto de modificación en función das medidas de seguridade e protección que poidan adoptar as autoridades competentes, ou como consecuencia da concreción de prazos de xestión ou tramitación que estableza a Comunidade Autónoma de Galicia ou o Estado e que afecten a algún dos períodos de peche reflectidos.

2. Peche de centros, instalacións e dependencias.

Todos os centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo, incluíndo os respectivos servizos, áreas e unidades de xestión, permanecerán pechados nos dous períodos sinalados no artigo 1.

Non obstante, atendendo aos informes motivados emitidos polas persoas responsables dos centros, instalacións e dependencias, establécense como excepcións e permanecerán operativos, os servizos, unidades ou áreas especificadas nos artigos 3 e 4 desta instrución.

A prestación dos servizos esenciais, de conformidade co establecido no punto terceiro da resolución da xerencia 3/2019 do 21 de febreiro, sobre reordenación de horarios, realizarase en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Corresponde ás persoas responsables dos diferentes servizos, áreas ou unidades a organización e coordinación destes servizos esenciais.

Dadas as circunstancias actuais de emerxencia sanitaria, o persoal designado para realizar os servizos esenciais, se é o caso, poderá optar entre a prestación de servizos presencial ou non presencial.

Nos casos en que as funcións deban desempeñarse necesariamente de xeito presencial, as persoas responsables establecerán as quendas necesarias para garantir a prestación de servizos e minimizar no máximo posible o risco de contaxio laboral, arbitrando as medidas organizativas para a protección da saúde en base ás recomendacións estipuladas polas autoridades sanitarias.

3. Peche do 29 ao 31 de marzo de 2021.

Os efectivos necesarios para a prestación de servizos esenciais do 29 ao 31 de marzo, ambos incluídos, son os seguintes:

3.1. CACTI.

- 1 técnico/a da Unidade de Análise Instrumental e Seguridade Alimentaria.
- 1 técnico/a da Unidade de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica.
- 1 técnico/a da Unidade de Microscopía Electrónica.
- 1 técnico/a da Unidade de Nanotecnoloxía e Análise de Superficies.
- 1 persoa da Unidade de conserxería.

3.2. CINBIO – ANIMALARIO.

- 2 técnicos/as especialistas do Animalario.

3.3. ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (ATIC).

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo I para o control e mantemento da rede corporativa e servizos dependentes.
- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo I para o control e mantemento do aloxamento de portal web, correo electrónico e servizos dependentes.
- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións de grupo III do SAUM, para a atención de incidencias que poidan xurdir dos servizos anteriores.

Nesta área, os servizos esenciais serán desempeñados por persoal destinado no campus de Vigo.

4. Peche do 4 ao 18 de agosto de 2021.

Os efectivos necesarios para a prestación de servizos esenciais do 4 ao 18 de agosto, ambos incluídos, son os seguintes:

4.1. CACTI.

- 1 técnico/a da unidade de determinación estrutural, proteómica e xenómica.
- 1 técnico/a da unidade de microscopía electrónica.
- 1 técnico/a da unidade de nanotecnoloxía e análise de superficies.
- 1 ATSX da unidade de conserxería que teña atribuídas funcións específicas.

4.2. CINBIO - ANIMALARIO

- 2 técnicos/as especialistas do Animalario..

4.3. ECIMAT.

- 1 técnico/a da área de calidade ambiental e histoloxía.
- 1 técnico/a da área de cultivos mariños (supeditado as necesidades dos servizos solicitados, que se concretarán no primeiro semestre deste ano).

4.4. UNIDADE DE SERVIZOS XERAIS DE APOIO.

- 1 TE de xardinería e zonas verdes.

4.5. ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN (ATIC).

- Control e mantemento da rede corporativa e servizos dependentes.
1 técnico/a do grupo I da área de tecnoloxías da información e comunicacións.
- Control e mantemento do aloxamento de portal web, correo electrónico e servizos dependentes.
1 técnico/a do grupo I da área de tecnoloxías da información e comunicacións.
- Atención de incidencias que poidan xurdir dos servizos anteriores.

1 técnico/a de grupo III da área de tecnoloxías da información e comunicacións do campus de Vigo.

O persoal que deberá atender estes servizos esenciais nas unidades especificadas, determinaranse por acordo entre o persoal afectado. De non haber acordo, efectuarase por sorteo, sendo rotatorio nos seguintes anos.

5. Criterios aplicables.

- a) As persoas responsables de cada unidade comunicarán á Xerencia (consultapas@uvigo.gal) a relación nominal do persoal que atenderá os servizos esenciais establecidos, coas seguintes datas límite.
 - Peche do 29 ao 31 de marzo: 12 de marzo de 2021.
 - Peche do 4 ao 18 de agosto. 16 de xullo de 2021

- b) De conformidade co punto 1.a) do artigo 7 da instrución da xerencia 4/2020, os 3 días de peche en Semana Santa, do 29 ao 31 de marzo de 2021, teñen a consideración dos 3 días de vacacións establecidos no artigo 26 do II Convenio colectivo do PAS laboral. O persoal que deba prestar servizos esenciais neste período gozará destes 3 días noutro distinto, preferentemente na semana anterior ou posterior ao peche, condicionado ás necesidades do servizo.

- c) Consonte ao punto 1.b) do dito artigo 7 da instrución da xerencia 4/2020, para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do PAS da Universidade de Vigo, dada a consideración do período comprendido entre o 4 e o 18 de agosto de 2020 como vacacións anuais a todos os efectos, o PAS terá dereito a 3 días de libre disposición adicionais, ou os que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural, coa excepción das persoas que estean nalgunha das situacións previstas no primeiro parágrafo do artigo 3.3 da instrución referenciada.

- d) Lémbrase a todo o PAS a súa obriga de solicitar a través do VAPEL os días de vacacións, incluídos necesariamente os correspondentes aos períodos de peche. Compételle ás persoas responsables de cada ámbito, campus, servizo, unidade ou área comprobar o efectivo cumprimento deste deber.
- e) O persoal que deba prestar servizos esenciais no período do 4 ao 18 de agosto non terá dereito aos días 3 días adicionais. No caso de que a prestación de servizos non abrangua a totalidade do período, terase dereito a días de compensación na seguinte proporción:
- 1 día, sempre e cando se goce dun mínimo de 4 días de vacacións no período.
 - 2 días, sempre e cando se goce dun mínimo de 8 días de vacacións no período.
- f) Aquel persoal que en función ao tempo de servizos efectivamente prestados, ou da duración previsible de contratos e nomeamentos, teña dereito a un período de vacacións igual ou inferior a 11 días, deberá gozalos no tramo de peche, sempre que manteñan a súa vinculación coa Universidade ata o 18/08/2021 ou data posterior.

6. Acceso a centros, instalacións e dependencias no período de peche.

Cando resulte necesario e indispensable o acceso do persoal a centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo durante o período de peche, por mor das súas actividades, contando coa pertinente autorización do responsable correspondente, o persoal deberá axustarse ás seguintes obrigas.

Aquel persoal que conte con tarxeta de acceso debidamente autorizada, utilizará este mecanismo tanto para a entrada como para a saída do centro, instalación ou dependencia. Calquera incidencia deberá comunicarse ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387).

O persoal que non dispoña de tarxeta de acceso, chamará ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387) informando do centro, instalación ou dependencia ao que se precisa acceder. Ao edificio acudirán un vixiante do servizo quen, logo da identificación e

comprobación oportunas, habilitará a entrada. Así mesmo deberá comunicarse a saída ao Centro de Control do servizo de vixilancia, prohibíndose posteriores accesos ás persoas que incumpran esta obriga.

Esta sistemática aplicarase de idéntico xeito cando o persoal precise acceder aos centros, instalacións e dependencias da Universidade que, de conformidade coa previsión contida no punto 8.1 da instrución 4/2020. pechen na quenda de tarde en períodos distintos ao de peche definido no artigo 1 desta instrución.

Lémbrese a necesidade de cumprir estritamente as medidas de prevención e hixiene ditadas pola Universidade de Vigo e as autoridades sanitarias para evitar riscos sanitarios no momento do acceso.

7. Emerxencias.

De producirse calquera incidencia ou emerxencia, comunicarse de inmediato ao Centro de Control do servizo de vixilancia, teléfono: 618873387.

Vigo, 5 de marzo de 2021

A xerenta,

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)